

Fortemente discursivo

Con razón e con lirismo

ROMÁN RAÑA

É sempre motivo de ledicia comentar un libro que gañou o Premio de Poesía Lorenzo Baleirón, pois a súa constancia e calidade (grazas ao Concello de Dodro e ao seu entusiasta alcalde) resultan incontestábeis. No caso da XXVIIª edición, a obra galardoada foi *Zonas de tránsito* de Ramón Neto (A Illa de Arousa, 1975). O volume vai precedido por un esclarecido prólogo de Armando Requeixo que afirma a singularidade da poesía que alberga, aínda que vinculándoa a Paul Celan, Eliot, Rilke ou Hölderlin. E, efectivamente, o fío común que liga estes mestres maiores da literatura universal é a gravidade da súa musa: o intimismo transcendente (Rilke), a desolación bíblica (Eliot), a tortura dos homes (Paul Celan) e a lúcida loucura (Hölderlin). Algo hai destes autores polo poemario, ecos felices das súas voces. Mais o noso autor vai deseñando un mundo propio. En todo momento atopamos o desexo de crear un camiño persoal.

En principio estamos perante unha poesía fortemente discursiva e de sintaxe prosaica: "se ben semella erma como os negros outeiros ao lonxe, gorece seres vivos no seu ventre -e descende". Este ton aparentemente narrativo faise evidente en moitos momentos de alleamento: "Así atoparás a túa cama nun cuarto diferente ao erguerte cada mañá e, acordando co ruído da ducha, saberás que non durmiches só". Esta carcasa argumental, pouco e pouco, vaise quebrando para dar paso a un ton máis sentencioso: "Eu por oposición ao outro é unha desavianza cos propios brazos e pernas". Cando se xuntan estas características atopamos poemas de magnífica arquitectura, como "Non retorno", cheo de sorprendentes achados: "A súa man dirá 'voume' e darache/a entender que 'o teu inimigo é o teu remedio' ". Onde podemos comprobar que o aforismo adquire unha nova dimensión, pois resulta visionario ao incrustarse nun discurso poético: "A segura dos beizos é a mensaxe da auga. O que me impide entrar, impídiche saír./Faremos pois a nosa morada no limiar/das cousas -na pasaxe, no rozamento mesmo."

Razón e lirismo conviven nestes versos onde o suxeito lírico fica confinado no cuarto dunha insomnia. A cámara está iluminada por unha lámpada que pode convertela en camarote: "Porén, que sabe, poida que a túa lámpada tamén se torne para os outros un faro na noite". Entón o poeta se fai navegante dunha singradura nocturna e estática no interior da súa habitación (como non lembrar a Manuel Antonio?): "A chegada e o adeus/comparten idénticos daguerrotipos". Libro inzado de preguntas, de súbitas iluminacións e sombras razoantes (ecos de Gonçalo Tavares?) que confirman, como quer o autor, que "O poema fica na encrucillada de todos os posíbeis".

NETO, Ramón, Zonas de tránsito, Ed. Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 2015, PVP. 6 €